

PEZA DO MES

marzo

2017



**DÚAS FOTOGRAFÍAS DO AVIADOR PIÑEIRO
RIBADAVIA, 1913**



Dúas fotografías do Aviator Piñeiro. Ribadavia, 1913

Fais de ta vie un rêve, et d'un rêve, une réalité.

Fai da túa vida un soño, e do teu soño unha realidade.

Antoine de Saint-Exupéry

O soño de José Piñeiro Gónzález empeza o 20 de agosto de 1911 en Pontevedra, onde acode no seu automóbil ás festas da Peregrina; alí, ao contemplar a exhibición aérea do aviador francés Garnier, exclama «iso fágoo eu».

O noso home viñera ao mundo o 15 de decembro de 1878 no Seixo, Mugar dos, moi preto da casa do pintor e amigo Bello Piñeiro. Tras realizar estudos en San Sebastián faise mariño mercante; nas súas viaxes por Cuba enferma e vai para Asturias, onde seu pai é militar e alí coñece a súa muller, Joaquina Migoya Carbó; casan e coa fortuna da súa familia política establécense acomodadamente na vila de Sanxenxo.

Uns meses despois de ver o voo de Garnier, vende a súa fábrica de gasosas e viaxa a Pau, onde o francés Bleriot ten a escola de aviación. Piñeiro destaca pola súa pericia e valor e en quince días obtén o carné de piloto e merca o seu primeiro avión, un *Bleriot 50 HP* de motor «*Gnome*». Será o primeiro aparato de varios que terá, sempre da mesma marca. É un aparato sinxelo e fráxil, con pouco motor (só 50 cabalos) e complexo de manexar pola súa escasa manobrabilidade en caso de vento, pero os cartos non dan para máis; o seu cobizado soño cústalle a Piñeiro 30.000 pesetas, o capital que obtivera pola venda da fábrica. Escolle os areais de Baltar, entre os pobos de Sanxenxo e Portonovo, para construír

o aeródromo e o hangar e comeza a súa andaina como piloto, ofrecéndose para realizar exhibicións aéreas ás comisións de festas. Ata ese momento uns poucos aviadores franceses campaban ás súas anchas sen rival pero agora xurdía un competidor... E ía dar moito que falar. O propio Bleriot di «Piñeiro non voaría mellor se tivese ás adheridas ao corpo. Mágoa que sexa español», con esta chauvinista frase a lenda do *home-paxaro* ven de nacer.

Tras o famoso «raid» (voo de longa duración que une dous pobos) entre Vilagarcía e Vigo, realizará a súa primeira exhibición aérea en Ferrol con motivo da botadura do acoirazado Afonso XIII ante a presenza da infanta Isabel e as autoridades, amén do multitudinario público. Ao ritmo da banda de música, marabilla a todos os espectadores coas súas fazañas pero a cousa non remata ben pois ao intentar facer o voo da gaivota –que consiste en tocar cunha á do avión o mar–, bate cun madeiro e sofre un accidente que descalabra o aeroplano. Pero iso non mingua o éxito do noso protagonista que é aclamado coma un heroe e a solidariedade da xente fai que se inicie unha subscripción para mercarlle outro avión. Ese mesmo ano intervén no festival aéreo de Burgos no que compite cos ases franceses Vadrines e Poumet, quedando en primeiro lugar.

A súa fama vaise estendendo; nunha época sen televisión nin radio e cunha taxa elevadísima de analfabetismo o boca a boca era o medio de comunicación máis empregado. A prensa recolle cada un dos moitos espectáculos que vai protagonizar ao longo de dez anos de pilotaxe pola xeografía española e tamén na Arxentina e Cuba.

O pioneiro aviador, que falaba a todos en galego, adornaba as ás do seu Bleriot coas bandeiras das catro provincias; era o seu xeito de levar a súa Galicia polo mundo. Tamén a fuselaxe levaba o nome de Sanxenxo, vila na que chegou a ser alcalde e que o lembra con dúas estatuas e unha praza.

Era considerado por todos un dos mellores pilotos acrobáticos do mundo; se consultamos as hemerotecas vemos que son innumerables as crónicas periodísticas que neses anos relatan cada episodio, homenaxe ou novidade na vida de Pepe Piñeiro; así no outono de 1913 publícase a nova da primeira viaxe con acompañante do aviador Piñeiro. Elisa Patiño, coñecida por *Chichana*, neta dos duques de Patiño e que vivía no fermoso pazo da vila de Sanxenxo foi a valente copiloto. Tamén noutra ocasión levou Piñeiro un pasaxeiro, en Cuba, en 1915 e o infortunado foi Basilio Álvarez, quen desfrutou da preciosa vista aérea da Habana pero quedou coxo de por vida tras a aterraxe problemática que tiveron.

Os percances eran habituais debido ao alto risco que supuña cada voo, especialmente a aterraxe e as acrobacias, como a denominada «*looping the loup*» (rizar o rizo, tamén chamada salto da morte) que o aviador Piñeiro regalaba aos entregados asistentes que berraban de medo e emoción ao velo facendo xiros cabeza abaixo.

Os accidentes eran as máis das veces, mortais. Calquera racha inesperada de vento ou problema mecánico no motor era causa de caída en barrena e desgraza para o piloto. Se alomenos conseguía saír vivo, o avión nunca saía ben parado, co conseguente prexuízo económico. Nestes anos iníciase a longa lista de pilotos civís e máis aínda, militares, mortos (a Guerra Mundial segou a vida de centos destes pioneiros pilotos).

Os ingresos viñan da man dos premios e as exhibicións pero tamén os gastos, pois cada reparación era custosísima. Ademais, vendía fotos dedicadas e repartía follas con publicidade dende o avión.

A un deses espectáculos corresponden as dúas fotografías que presentamos. Son copias de placas de cristal realizadas o 13 de xullo de 1913 en Ribadavia con motivo das festas e forman parte dunha extensa e variada colección, doada hai uns trinta anos por Pablo García Vázquez ao fotógrafo Fernando del Río e que hoxe forman parte dos fondos documentais do Museo. A colección componse de numerosas placas de cristal tomadas cunha ICA «Ideal», con obxectivo TESA, de fabricación alemá, que foron realizadas e reveladas polo doutor García Pérez (médico cirurxán do Hospital Provincial de Ourense), pai do doador. Na primeira delas, o doutor García inmortaliza o aviador Piñeiro no intre de subir ao seu aeroplano e na outra xa en voo. O lugar elixido, o campo de San Cristovo, nas marxes do Avia non era o axeitado pois carecía do espazo necesario para aterrizar e as árbores e montañas que o rodeaban eran un tremendo perigo para o piloto. Aínda sabedor de que o accidente era inevitable, o aviador non quixo desairar os milleiros de persoas que viñeran de moitos lugares para velo e, a pesar da insistencia dos seus mecánicos e dos membros da comisión de festas en cancelar o evento, voou para eles.

Tras o accidente, algúns asistentes recolleron de entre os restos do avión, fragmentos desprendidos que gardaron fachendosos a modo de reliquia, sabéndose testemuñas dun acontecemento histórico. O Museo Etnolóxico de Ribadavia conserva no Fondo Meruéndano un retallo de tea das ás do avión. O propio Manuel Meruéndano narra nas súas *Efemérides Locales* o conto de como o secretario

do concello, o xuíz municipal e o médico de Beade, rexeitaron o palco de autoridades por creerse moi expostos a sufrir un accidente, preferindo acollerse á sombra dunha parra... xusto onde foi esnafrarse o coitado de Piñeiro. Tamén ao fondo de Meruéndano pertence unha fermosa fotografía grupal co piloto, tres dos seus mecánicos e as autoridades e comisión de festas.

A través dos xornais, artigos en revistas como *Vida Gallega* e especialmente grazas ao libro dedicado á biografía do piloto, editado por Xaime Corral, da librería Nós de Sanxenxo e escrito por Carlos Quintiá «*El vuelo de la gaviota*» –louvando a acrobacia favorita de Piñeiro–, podemos seguir con todo detalle cada capítulo da súa intensa biografía. E dicimos capítulo pois realmente é unha vida de novela de aventuras, con trunfos, homenaxes, accidentes e decepcións, nun transcorrer apresurado pola súa ansia por consagrarse como un pioneiro, por ser o máis arriscado e amosar a súa pericia pero sempre dende a bonhomía, a nobreza e a humildade. Era un home alto, fraco, de mirada penetrante, con carácter, competitivo no seu avión, conciliador e xeneroso en terra. Posuía a camaradería do código cabaleresco dos aviadores e foi quen de realizar un voo case suicida o 13 de xullo de 1913 por un acto romántico como o de compracer a mirada expectante e repleta de admiración dun neno ribadaviense.

Pola simbiose co seu avión apodáronno o «home-paxaro», metáfora que reflicte ata que punto dominaba un aparato sinxelo, pouco fiable e técnicamente precario pero que cando o elevaba era capaz de realizar piruetas que outros con motores moito máis potentes nin se atrevían a intentar. Despois de dez anos voando, o home-paxaro abandona o seu soño... ou, máis ben, fanllo abandoar a súa precaria saúde, pois ten os pulmóns desfeitos, e os desaires da Corporación Municipal, quen lle arrebatara honores e ata a rúa a el dedicada. Un novo accidente en Sanxenxo desfai o seu *Bleriot*... será a despedida para sempre da súa paixón. Coa súa muller e os catro fillos instálase en Santiago e leva unha vida tranquila paseando co seu amigo, o escultor Picón, e recibindo na casa a Loriga e Brage, para os que é o mestre admirado (tamén o é para o seu paisano, Ramón Franco). Escoltando bater nos cristais as pingas da chuva compostelá falece na súa cama o 3 de febreiro de 1927 aos 48 anos.

Non só voaba para vivir... Piñeiro vivía para voar.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

galicia



XUNTA
DE GALICIA